

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 11677** *Real decreto lei 15/2021, do 13 de xullo, polo que se regula o arrendamento de coleccións de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español por determinadas entidades do sector público e se adoptan outras medidas urxentes no ámbito cultural e deportivo.*

I

O artigo 46 da Constitución española establece a obrigaación dos poderes públicos de garantiren a conservación e promoveren o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

En cumprimento desta previsión, o sector público desenvolveu unha política de adquisición de bens culturais con dous obxectivos fundamentais: a conservación e protección do patrimonio cultural, por un lado, e o seu incremento, por outro. Do mesmo modo, na execución das adquisicións téñense en conta o labor de recuperación e a salvagarda do patrimonio, así como as liñas específicas de actuación de cada institución cultural, que, pola súa vez, perseguen principalmente cubrir o baleiro das coleccións ou manter o prestixio das xa existentes.

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, regula os diferentes instrumentos a través dos cales se levan a cabo estas adquisicións, entre os cales destacan os dereitos de adquisición preferente, como o tanteo, o retracto e a oferta de venda irrevogable. Tamén se sinalan as adquisicións a título gratuito, xa sexa doazón, herdanza ou legado, ou o pagamento en especie de débedas tributarias, mediante a entrega de bens que formen parte do patrimonio histórico español, sempre que estean inscritos no Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural ou incluídos no Inventario Xeral.

Do mesmo modo, outro dos mecanismos máis importantes para incorporar bens culturais e, en concreto, bens mobles integrantes do patrimonio histórico español, como é a adquisición directa pola Administración, recolleuse tradicionalmente na lexislación de contratos públicos como un contrato de subministración. Non obstante, na actualidade, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, unicamente prevé a adquisición a través do procedemento negociado sen publicidade daqueles bens que non formen parte do patrimonio histórico español e remite á normativa específica os que si se integran nel.

Cómpre abordar agora a regulación doutra modalidade de incorporación deste tipo de bens, como é o arrendamento, para o cal non se prevía ningún réxime específico. A dita regulación circunscríbese ao arrendamento de coleccións de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español por poderes adxudicadores que non pertencen á categoría de administracións públicas, nun adecuado equilibrio entre as especialidades e a simplificación do procedemento que se establecen e o seu ámbito de aplicación. Así, o seu alcance non se estende a unha mera obra ou obras, senón que debe tratarse dunha auténtica colección, de excepcional interese, apreciado por un órgano cualificado, como é a Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español. Igualmente, e á vista da configuración que se efectúa destes contratos, só poderán acudir a este réxime os poderes adxudicadores que non sexan administracións públicas, cuxos contratos de subministración, entre os cales se inclúen os arrendamentos, teñen a consideración de contratos privados.

Por outro lado, procede tamén adoptar unha serie de medidas complementarias de apoio ao sector cultural e ao deporte. En primeiro lugar, debe recoñecerse á Colección Carmen Thyssen-Bornemisza a garantía do Estado a que se refire a disposición adicional

novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño. Con isto, unha vez que se formalice, se for o caso, o seu arrendamento, as obras que a integran gozarán deste singular réxime de aseguramento que permite a cobertura dos riscos por destrución, perda, subtracción ou dano destas mentres permanezan nas instalacións do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza. Desta maneira, asegúrase aquela debidamente, de acordo coa entidade da propia colección, e sen prexuízo da actualización anual dos termos da garantía.

Así mesmo, no ámbito do deporte, acláranse o alcance e o réxime das novas facultades de comercialización conxunta de dereitos audiovisuais atribuídas á Real Federación Española de Fútbol (RFEF), como entidade organizadora de competicións de ámbito estatal e non profesional, as cales foron introducidas no Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, en virtude da disposición adicional quinta do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego. Deste modo, resulta imprescindible axustar a regulación vixente para que a RFEF, como entidade organizadora, poida exercer con plena efectividade esas facultades de comercialización que ten encomendadas.

II

O real decreto lei consta de 3 artigos e 3 disposicións derradeiras.

O artigo 1 introduce unha nova disposición adicional na Lei 16/1985, do 25 de xuño, para regular o arrendamento, por parte de poderes adxudicadores que non teñan a consideración de Administración pública, de coleccións de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español de interese excepcional, así apreciado pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español.

Estes contratos poderán subscribirse, con algunhas especialidades, a través do procedemento negociado sen publicidade previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, correspondente a aqueles supostos en que a execución só pode encomendarse a un empresario determinado. Entre esas especialidades destaca a posibilidade de substituír o prego de cláusulas administrativas particulares polo propio clausulado do contrato, ou a acreditación da solvencia. Así mesmo, habilítase a posibilidade de que, en caso de que os bens pertencen a varios titulares, todos eles concorran conxuntamente á licitación, sen necesidade de constituír unha unión de empresarios.

Ademais, para garantir a continuidade e a estabilidade do contrato exclúese a aplicación do prazo máximo de 5 anos de duración establecido para as subministracións con carácter xeral. Por outro lado, consecuencia do anterior, e en coherencia co exposto, á vista do obxecto do contrato e das súas características, é necesario exceptuar tamén o réxime ordinario de revisión de prezos, así como as condicións de pagamento e de execución. Igualmente, introdúcese unha comisión mixta, encargada da resolución de controversias sobre os efectos e extinción do contrato, procurando que as eventuais discrepancias se solucionen sen necesidade de acudir á vía xudicial.

Pola súa parte, o artigo 2 reconece á Colección Carmen Thyssen-Bornemisza a garantía do Estado a que se refire a disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño. Este cualificado réxime de aseguramento comezará na data de formalización do contrato de arrendamento e estenderase, con carácter xeral, durante toda a súa vixencia. Na súa configuración tómase como referencia a Orde CUD/664/2021, do 22 de xuño, pola que se outorga a garantía do Estado a 425 obras para a súa exhibición na colección permanente do Museo Nacional Thyssen Bornemisza, a cal comprende a práctica totalidade das obras integrantes da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza. Ademais, establécense regras específicas para aquelas non incluídas na dita orde, pero si noutras anteriores, ou que non contasen con anterioridade coa cobertura do Estado. O valor económico das obras cubertas pola garantía, así como as obras concretas, e o alcance, efectos, condicións e límites daquela actualizaranse anualmente mediante orde do ministro de Cultura e Deporte.

Finalmente, o artigo 3 modifica o Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, e clarifica as regras e os procedementos que se aplicarán para a comercialización conxunta de dereitos

audiovisuais por parte da RFEF, como entidade organizadora de competicións de ámbito estatal e non profesional. Para tal efecto, establécese a cesión obrigatoria, por parte dos participantes nas competicións oficiais de fútbol de ámbito estatal, das facultades de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei. Así mesmo, respecto ás obrigacións das entidades participantes no Campionato Nacional de Liga, precísanse destinatarios e fins dos fondos achegados como contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado e das infraestruturas federativas, así como á mellora da competitividade das categorías non profesionais. Tamén se aborda a forma de repartición dos ingresos que se obteñan da comercialización dos dereitos audiovisuais de competicións de ámbito estatal organizadas pola RFEF, clarificando que os ingresos procedentes da Supercopa se destinarán ao fomento do fútbol afeccionado e introducindo os criterios para a distribución dos recursos doutras competicións, que se asignarán entre os clubs ou entidades participantes en cada unha delas segundo os criterios que aproben estes, por maioría e para todo o período obxecto de comercialización, no marco dos órganos específicos creados pola RFEF para o efecto.

En canto ás disposicións derradeiras, a primeira refírese ao título competencial para ditar o texto. A segunda, pola súa parte, recolle a correspondente habilitación para o desenvolvemento regulamentario e, finalmente, a disposición derradeira terceira determina a entrada en vigor do real decreto lei.

III

O artigo 86 da Constitución permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4, 137/2003, do 3 de xullo, F. 3 e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), acorrer unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

No presente caso, por un lado, a situación das obras de arte integrantes da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, e a futura contratación do seu arrendamento, supoñen a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de implementar o réxime xurídico necesario para poder levala a cabo.

En efecto, en primeiro lugar hai que recordar a importancia da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza a partir da propia Colección Thyssen-Bornemisza. En abril de 1988, o barón Thyssen-Bornemisza e o Estado asinaron o acordo de cesión, por nove anos e medio, de 775 obras da colección do primeiro, con vistas a unha futura adquisición. Creouse, ademais, unha fundación para xestionar a colección e remodelouse o Palacio de Villahermosa para aloxala.

Esta adquisición levouse a cabo finalmente en 1993, logo da aprobación do Real decreto lei 11/1993, do 18 de xuño, sobre medidas reguladoras do contrato de adquisición da Colección Thyssen-Bornemisza.

As obras adquiridas correspondían á práctica totalidade da colección de Mestres Antigos e a máis da metade da colección de Mestres Modernos. Todas elas pasaron a integrar a Colección Permanente do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza. As pinturas restantes foron distribuídas polo barón entre os seus herdeiros tras a sinatura da compra definitiva por parte do Estado.

Entre as obras repartidas, pasaron daquela á Colección Carmen Thyssen-Bornemisza catro dos sete grupos en mármore que August Thyssen comprara a Auguste Rodin a comezos de século. Polo que respecta ás pinturas, dun total de 125, un quinto correspondía

a Mestres Antigos de pintura flamenca e holandesa do XVII e a pintores vedutistas italianos. Cerraba o conxunto un delicado lenzo de Fragonard, obra predilecta do barón Thyssen-Bornemisza durante os seus últimos anos de vida. As restantes pinturas correspondían ao século XIX e ao primeiro terzo do XX. Ao primeiro cabe adscribir obras do paisaxismo americano do século XIX, do paisaxismo realista francés e británico, así como do impresionismo e o postimpresionismo, cunha selección máis nutrida mesmo que a do propio Museo Nacional Colección Thyssen-Bornemisza. Entre os cadros do século XX, o expresionismo alemán compoñía un capítulo destacado, e cerran o conxunto obras de Picasso e Juan Gris.

Ben que desde entón a Colección Carmen Thyssen-Bornemisza se orientou principalmente a adquirir e promocionar a pintura española do século XIX e comezos do XX, tamén ampliou significativamente a súa colección de pintura internacional. Nos anos noventa adquiriu un espléndido cadro de Simone Martini, ao tempo que se fixo con novas obras de pintura holandesa do século XVII, de pintura francesa do XVIII e de vedutistas. Pero ante todo ampliou moi significativamente a presenza na súa colección de obras situadas no arco que se estende entre o paisaxismo naturalista de mediados do século XIX e as diversas correntes expresionistas de principios de século.

Todo isto fai da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza o complemento imprescindible da Colección Permanente do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza. Na actualidade, a Colección encóntrase no propio Museo, en virtude dun contrato de préstamo gratuito suscrito o 15 de febreiro de 2002 e sucesivamente prorrogado. Isto permitiu que as obras que a integran permanezan na Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P., o que garante a súa difusión nacional e internacional.

Non obstante, a vixente prórroga vencerá o próximo 15 de xullo de 2021 e córrese o risco de que os titulares da Colección retiren as obras, en caso de non se alcanzar un acordo para a súa exhibición estable, mediante o correspondente contrato de arrendamento.

O anterior pon de manifesto a urxente necesidade de articular os medios necesarios para asegurar, antes de que se produza o vencemento da actual prórroga, que o patrimonio histórico español poida seguir gozando, coas necesarias garantías, dun conxunto de obras de arte da calidade e prestixio da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza.

Así, a exigencia de garantir a súa permanencia en España impón a adopción do réxime preciso para facer factible a ocasión de incorporar ao patrimonio cultural este conxunto de obras, de forma estable e coa adecuada seguridade xurídica. O arrendamento a longo prazo supón dar continuidade e complementar a adquisición inicial da Colección Thyssen-Bornemisza, levada a cabo en 1993, e consolidar o valor da Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P. como institución cultural de extraordinaria relevancia no ámbito museístico internacional.

En segundo lugar, e nesta mesma liña, a operación reforza o patrimonio cultural español. A mellora da protección, conservación e coñecemento deste patrimonio vai redundar de forma moi favorable no turismo cultural e, por tanto, na actividade económica.

E é que a cultura é un incuestionable motor do sector turístico. Hai que ter en conta os datos anteriores á pandemia da COVID-19, en que se observa que o turismo cultural é o tipo de turismo que máis medrou nos últimos cinco anos. A Conta satélite do turismo en España (INE) estima en máis do 12% a achega deste sector ao PIB no último trienio dispoñible. Os datos procedentes da explotación específica das estatísticas turísticas oficiais, Enquisa de turismo de residentes (INE) e Enquisa de gasto turístico (INE), permiten mostrar que a cultura é o principal motivo de unha de cada cinco viaxes realizadas por ocio, lecer ou vacacións, tanto se se trata de viaxes de residentes en España, o cal motiva o 17% deste tipo de viaxes en 2019, como de entradas de turistas internacionais, que é o detonante principal do 19,8% destas entradas dese ano. En conxunto, máis de 30 millóns de viaxes en 2019 foron mobilizadas pola cultura, cun gasto total asociado de 24.433,4 millóns de euros, 9.085,4 millóns de euros para os residentes en España e 15.348 millóns de euros para as entradas de turistas internacionais. Mesmo se non se trata de viaxes motivadas pola cultura ou polo ocio, as fontes turísticas citadas constatan

altas porcentaxes de viaxes nas cales se realizan actividades culturais. Concretamente, no 24,6% do conxunto total de viaxes de residentes e no 36,9% das entradas de estranxeiros rexístranse actividades culturais, que comprenden tanto visitas culturais como asistencia a espectáculos e outro tipo de actividades vinculadas á cultura. Dentro das actividades culturais, obsérvanse maiores taxas de visitas culturais, o 74,5% se se trata de viaxes de residentes e o 91,5% en 2019 nas entradas de estranxeiros.

No caso do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza, durante 2019 recibiu 1.034.872 visitantes, un 11,5% máis que en 2018. Para garantir a continuidade deste crecemento e contribuír á recuperación do turismo cultural e da propia economía, unha vez superados os momentos máis duros da pandemia, é imprescindible dar estabilidade á presenza da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza como elemento fundamental e garantía de cohesión, unidade e calidade na institución.

A subscrición do contrato, incluído o conseguinte recoñecemento da garantía do Estado ás obras da Colección, transcende, pois, da mera política cultural de protección, promoción e enriquecemento do patrimonio histórico, que xa en por si xustificaría a implementación de medidas extraordinarias e urxentes. En efecto, a situación provocada pola COVID-19 deu lugar á aprobación de medidas económicas e sociais que, ademais de facilitaren a adecuada resposta sanitaria á emerxencia, permitiron garantir a protección de familias, traballadores e colectivos vulnerables, e soste o tecido produtivo e social, co cal se minimiza o impacto e se facilita que a actividade económica se recupere canto antes.

Así, a consolidación do Museo Nacional Thyssen-Bornemisza, a través da presenza da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, pretende reforzar a súa posición e capacidade de arrastre de visitantes e, en definitiva, a figura do turismo cultural en si, para posibilitar que a achega do sector ao PIB e o propio PIB se sitúen o antes posible en niveis anteriores á pandemia.

Por outro lado, e ademais do exposto, a introdución dunha regulación xeral que permita incrementar o patrimonio cultural mediante o arrendamento deste tipo de bens polo sector público supón habilitar un mecanismo fundamental para contribuír a dinamizar a actividade de creación e comercialización de obras de arte nun momento especialmente complicado como consecuencia da pandemia. Continúase así o camiño xa apuntado polo Real decreto lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que introduciu, por primeira vez, unha dotación extraordinaria para a adquisición de arte contemporánea española. Con isto pretendíase favorecer o mercado interno de arte contemporánea, ao cal se lle dedicaba unha cantidade específica e independente do resto de orzamento que anualmente executa a Dirección Xeral de Belas Artes na adquisición de pezas para as coleccións públicas do Estado.

Nese sentido, a adopción de medidas de carácter económico acudindo ao instrumento do real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional, sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e a urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

De acordo co anterior, a oportunidade de contar cunha colección de obras de arte da entidade que nos ocupa, evitando a súa saída do Museo e asegurando así a posición deste, e a súa contribución á cultura e á recuperación económica, habilita a utilización do mecanismo do real decreto lei. Non hai que esquecer, neste sentido, que para a adquisición da Colección Thyssen-Bornemisza tamén se acudiu a este instrumento, mediante o Real decreto lei 11/1993, do 18 de xuño. Igualmente, a continuación e o reforzo dos apoios públicos e privados mobilizados polo Goberno desde o inicio da crise sanitaria, centrados agora no apoio ao sector cultural e, en concreto, á produción e dinamización do mercado interno de obras de arte e, por tanto, aos propios artistas, implementando medidas específicas para dar resposta ás necesidades que xorden da situación excepcional creada pola crise sanitaria, apoiando os axentes económicos e sociais para que a súa incidencia

sexa a menor posible e facilitando a recuperación económica para afrontar as consecuencias da COVID-19, xustifica plenamente acudir á lexislación de urxencia.

No caso do outorgamento da garantía do Estado á Colección Carmen Thyssen-Bornemisza, ademais, a urxencia vén dada pola necesidade de proporcionar, con carácter inmediato e sen as dilacións propias do procedemento correspondente, a debida certeza e seguridade xurídica ao réxime de aseguramento das obras, e evitar de igual modo que, unha vez asinado o contrato, haxa un período de tempo, desde a súa sinatura até o outorgamento formal da garantía, en que as obras carezan dalgunha cobertura.

Pola súa parte, en canto á modificación do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, cómpre recordar a paralización de toda actividade deportiva profesional e non profesional como consecuencia da crise sanitaria, o que supuxo, como noutras áreas de actividade, unha redución das vías de financiamento dos organizadores das competicións. A normalización da situación sanitaria permitiu retomar a actividade deportiva ben que con limitacións de capacidade ou prohibición total de acceso ao público no caso dos deportes profesionais, e con estas restricións mantívose a limitación dos recursos de financiamento de competicións e actividades deportivas.

Neste contexto, enténdese que o fútbol, un dos grandes motores do deporte en España, con capacidade de tracción respecto ao resto do deporte español, sería clave para a reconstrución do tecido económico deportivo. Con este obxectivo de contribuír a financiar e dotar de estabilidade o deporte federado, olímpico e parolímpico na antesala da celebración dos Xogos Olímpicos de Toquio, modificouse o Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, en virtude do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, introducindo unha contribución solidaria do fútbol ao resto dos deportes e facilitando así, nun momento crítico, a transferencia de recursos privados xerados polo fútbol cara a políticas deportivas públicas.

Este Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, tamén recolleu os acordos de abril de 2020, adoptados no denominado Pacto de Viana, entre a Liga Nacional de Fútbol Profesional, a RFEF e o Consello Superior de Deportes, con obxecto de dotar de maiores posibilidades de sustentabilidade as competicións futbolísticas cuxa organización corresponde á propia RFEF. Para isto, acordouse a modificación do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, ampliando o seu ámbito de aplicación, ademais de ao Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División, á Copa de S.M. o Rei e á Supercopa de España, xa previstos, ao resto de competicións de ámbito estatal organizadas pola RFEF, tanto masculinas como femininas. Deste modo, atribúense á Federación novas facultades de comercialización conxunta de dereitos audiovisuais.

Porén, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) apreciou que esta reforma fora incompleta, xa que o exercicio das facultades de comercialización conxunta de dereitos audiovisuais incluídos dentro do ámbito de aplicación do real decreto lei correspondentes ao resto das competicións organizadas pola RFEF exige, con carácter previo, a cesión de tales dereitos a favor da RFEF por parte dos clubs e que a normativa non recolla a cesión obrigatoria das ditas facultades, como si ocorre para as demais competicións anteriormente citadas. Por isto, non se puido levar a efecto até agora a xestión centralizada dos dereitos de retransmisión por parte da RFEF, o que afecta gravemente tanto a xestión de recursos da propia Federación como o valor da competición, e foi necesario efectuar o correspondente axuste de forma extraordinaria e urxente para evitar as distorsións que a imposibilidade de aplicación do Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, xerou na xestión dos dereitos de retransmisión das competicións organizadas pola RFEF.

A extraordinaria e urxente necesidade na aprobación desta modificación deriva, pois, da necesidade de dotar dun marco normativo estable que dea seguridade xurídica aos operadores intervinientes nesta venda centralizada destes dereitos e que permita á RFEF ofrecer un produto completo que incrementará o valor de mercado dos ditos dereitos. Non hai que esquecer que os importes que se obteñan na comercialización conxunta irían destinados a investir na mellora das condicións da competición.

Ademais, hai que ter en conta a inminencia do comezo das competicións organizadas pola RFEF, previsto para o próximo mes de setembro, de modo que o proceso de

comercialización deses dereitos debe levarse a cabo cunha marxe temporal suficiente para que os operadores e a propia federación poidan xestionalo nos mellores termos para o desenvolvemento e a explotación da competición. De non producirse esta modificación, as consecuencias tanto para a Federación como para os clubs participantes nas competicións organizadas por estas serían nefastas desde o punto de vista da reconstrución do tecido económico deportivo, que foi o obxectivo perseguido polo Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril.

Non obsta para o anterior o feito de que o propio Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, tras a súa validación polo Congreso dos Deputados, se estea tramitando actualmente como proxecto de lei nas Cortes Xerais, pois o seu estado actual de tramitación impediría que as modificacións agora pretendidas estean en vigor antes do inicio da nova temporada.

En todo caso, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC 14/2020, do 28 de xaneiro), centradas neste caso en medidas no ámbito cultural e deportivo, encamiñadas tamén á recuperación económica. Os motivos de oportunidade que acaban de exporse demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma.

Debe sinalarse, por outro lado, que o real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral. En particular, respecto á comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, encóntrase regulada, e foi modificada no pasado, atendendo a razóns de urxente necesidade, a través deste instrumento normativo. En todo caso, os axustes que agora se introducen nesa regulación non afectan o «contido ou elementos esenciais» desta modalidade de dereito de propiedade privada (SSTC 111/1983, do 2 de xuño, FX 4; 139/2016, do 21 de xullo, FX 6), nin se utiliza o real decreto lei para «precisar o feixe de facultades» que o integran ou para «definir a función social deste» (SSTC 93/2015, do 14 de maio, FX 13; 16/2021, do 28 de xaneiro, FX 5). Antes ao contrario, modifícase de forma puntual o réxime xeral de comercialización de dereitos audiovisuais das competicións de fútbol, xa establecido polo Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, que, como lembra a súa parte expositiva, opta polo modelo de comercialización conxunta, polas propias dificultades do sector para autorregularse, impoñendo aos equipos a obrigaición de ceder as facultades de comercialización dos seus dereitos e establecendo o sistema de distribución de ingresos, dos cales se destina unha parte a fins de interese xeral. A actual modificación límitase a aplicar este réxime a competicións non incluídas inicialmente, incluíndo determinadas especialidades nos criterios de repartición dos ingresos e concretando o destino da contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado. Respéctanse, pois, os límites que para o real decreto lei se establecen no artigo 86 da Constitución española.

IV

O presente real decreto lei responde aos principios de boa regulación recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia, dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen e téndose identificado os fins perseguidos, polo que o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico e xera un marco normativo de certeza que facilita o seu coñecemento e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións de administracións, persoas e empresas afectadas. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de reais decretos leis.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei impón as cargas administrativas necesarias para a consecución dos seus fins.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.2 da Constitución española, que dispón que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e, ademais, polos títulos competenciais recollidos no artigo 149.1.13.^a, 18.^a e 28.^a da Constitución española.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Facenda e Función Pública e do ministro de Cultura e Deporte, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.*

Engádesse unha nova disposición adicional décima á Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Arrendamento de coleccións de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español por determinadas entidades do sector público.*

1. O arrendamento, con ou sen opción de compra, por parte das entidades do sector público que, conforme o artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, teñan a consideración de poder adjudicador non Administración pública, de coleccións de bens mobles integrantes do patrimonio histórico español cuxo interese excepcional fose declarado pola Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español, ou órgano equivalente das comunidades autónomas, terá natureza de contrato privado e a súa preparación e adjudicación rexeranse polo disposto no artigo 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En canto aos seus efectos e extinción, con carácter xeral seranlles aplicables as normas de dereito privado. Non obstante, cando o contrato teña a consideración de contrato suxeito a regulación harmonizada conforme o previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, seralle aplicable o disposto no parágrafo segundo do artigo 26.3 da dita lei, salvo as normas relativas á racionalización técnica da contratación. Así mesmo, non será obrigatorio o establecemento de condicións especiais de execución, pero, de incorporárense, en todo caso deberán estar vinculadas ao obxecto do contrato, no sentido do artigo 145.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, non serán directa ou indirectamente discriminatorias, serán compatibles co dereito da Unión Europea e indicaranse no expediente da contratación.

Non obstante, non resultarán de aplicación os seguintes preceptos da Lei 9/2017, do 8 de novembro:

a) O artigo 29, relativo ao prazo de duración dos contratos e de execución da prestación. Nestes contratos, o prazo de duración será, como máximo, de 15 anos.

b) O capítulo II do título III do libro I, relativo á revisión de prezos dos contratos das entidades do sector público, así como o disposto na Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Nos contratos a que se refire esta disposición, excepcionalmente, cando a duración sexa superior a 5 anos, poderá preverse a revisión anual periódica e predeterminada do prezo. Esta revisión en ningún caso poderá comportar incrementos da renda superiores ao índice de prezos de consumo do correspondente ano.

c) Os artigos 198.4 e 210.4, relativos ás condicións especiais de pagamento.

Así mesmo, o pagamento de cada anualidade de renda poderá efectuarse de forma anticipada, sen que resulte exixible ningún outro requisito adicional.

A resolución de controversias sobre os efectos e extinción do contrato poderá encomendarse a unha comisión mixta, composta por representantes dos arrendadores e da entidade do sector público arrendataria. Se, transcorrido un mes, a dita comisión non logra un acordo, poderá acudir á xurisdición civil.

2. Ao arrendamento destes bens poderáselle aplicar o procedemento negociado sen publicidade correspondente a aqueles supostos en que a execución só pode encomendarse a un empresario determinado, previsto no artigo 168.a) 2.º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, logo da acreditación de que non existen alternativas equivalentes e dos demais requisitos exixidos para o efecto, coas seguintes especialidades respecto do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro:

a) Nestes contratos, o prego de cláusulas administrativas particulares será substituído polo propio clausulado do contrato, sen prexuízo da obrigaón do órgano de contratación de elaborar o correspondente expediente, así como o informe previsto no artigo 336 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, no caso de contratos suxeitos a regulación harmonizada.

b) A acreditación da titularidade dos bens, ou doutro dereito real que permita ceder o seu uso, así como dos requisitos de capacidade do arrendador, realizarase conforme as normas de dereito privado aplicables. A solvencia entenderase xustificada coa acreditación da titularidade das obras ou do dereito real que permita ceder o seu uso.

c) No caso de que a colección de bens mobles estea integrada por un conxunto de obras que pertencen a máis dun titular, poderán concorrer todos eles conxuntamente á licitación, logo de acreditación da dita titularidade, sen necesidade de constituír unha unión de empresarios. Esta mesma previsión será aplicable aos supostos en que sexan varios os titulares de calquera outro dereito que permita ceder o uso das obras que integran a colección.

Cada un dos titulares deberá ter plena capacidade de obrar e non estar incurso en ningunha prohibición de contratar.

Os titulares quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante para exercer os dereitos e cumprir as obrigaóns que deriven do contrato até a súa extinción.»

Artigo 2. *Outorgamento da garantía do Estado ás obras da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza arrendadas á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P.*

1. Outórgase ás obras de arte integrantes da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza arrendadas á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P. a garantía do Estado a que se refire a disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español, e o Real decreto 1680/1991, do 15 de novembro, polo que se desenvolve a disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico

español, sobre garantía do Estado para obras de interese cultural, nos termos previstos na dita normativa e no presente artigo.

Os efectos da garantía do Estado comezarán na data de formalización do contrato de arrendamento, sempre que as obras se encontren na Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P. na dita data, e estenderanse durante toda a súa vixencia. Se as obras integrantes da Colección non están á disposición da Fundación no momento de formalización do contrato, os efectos da garantía do Estado comezarán no momento en que se entreguen á Fundación.

2. O alcance, efectos, condicións e límites iniciais desta garantía serán os establecidos na Orde CUD/664/2021, do 22 de xuño, pola que se outorga a garantía do Estado a 425 obras para a súa exhibición na colección permanente do Museo Nacional Thyssen Bornemisza, ou na que se dite para o efecto.

O valor individual inicial das obras incluídas no contrato será o que figura na solicitude de garantía do Estado presentada pola Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P., con ocasión da garantía outorgada pola Orde CUD/664/2021, do 22 de xuño, ou a que se ditase para o efecto.

3. No caso de que o contrato comprenda algunha obra non recollida na dita orde, que fose con anterioridade obxecto da garantía do Estado, o valor individual inicial desa obra será o que figuraba na solicitude presentada con ocasión da garantía concedida no seu momento pola correspondente orde ministerial ou, no caso de seren varias, pola última delas. O alcance, efectos, condicións e límites iniciais da garantía, respecto a estas obras, serán tamén os establecidos na orde que a outorgaba ou, no caso de seren varias, na última delas.

Se o contrato comprende algunha obra que nunca fose obxecto da garantía do Estado, o seu aseguramento levarase a cabo, se for o caso, mediante a subscripción do correspondente contrato de seguro por parte da Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P., sen que se entenda incluída naquela garantía. Nestes casos, a Fundación poderá solicitar a cobertura do Estado con ocasión da actualización prevista no número 5.

4. O valor económico inicial total da garantía determinarase sumando o valor individual inicial das obras a que se refire o número 2 ao valor individual inicial das obras a que se refire o primeiro parágrafo do número 3.

5. A relación das obras cubertas por esta garantía, así como o valor económico correspondente, individual e total, deberán actualizarse anualmente mediante orde do ministro de Cultura e Deporte, logo de solicitude da Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P., que se formulará no último trimestre de cada exercicio. Igualmente, deberán actualizarse o alcance, efectos, condicións e límites da garantía.

A dita actualización deberá respectar, en todo caso, o límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza ao respecto, segundo se estableza nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

6. Se a cesión das obras de arte integrantes da Colección Carmen Thyssen-Bornemisza á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza, F.S.P. se leva a cabo con carácter gratuíto, non resultará de aplicación o disposto neste artigo 2 e observarase o réxime xeral previsto na disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, e no Real decreto 1680/1991, do 15 de novembro.

Artigo 3. Modificación do Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional.

O Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A participación nunha competición oficial de fútbol de ámbito estatal comportará necesariamente a cesión polos seus titulares á entidade organizadora

das facultades de comercialización conxunta dos dereitos audiovisuais incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei.

Para efectos deste real decreto lei, e sen prexuízo das competencias recoñecidas na lexislación deportiva xeral, terán a consideración de entidade organizadora:

a) A Liga Nacional de Fútbol Profesional, respecto do Campionato Nacional de Liga de Primeira e Segunda División.

b) A Real Federación Española de Fútbol, respecto da Copa de S.M. o Rei, da Supercopa de España e do resto de competicións de ámbito estatal que organice, tanto masculinas como femininas, en todas as especialidades da modalidade do fútbol mentres as ditas competicións non sexan declaradas competicións profesionais. A partir desa declaración, adquirirá a condición de entidade organizadora a Liga Profesional que se cree para tal efecto.»

Dous. Modifícase a letra c) do artigo 6.1, que queda redactada do seguinte modo:

«c) Un 2 por 100 entregárase á Real Federación Española de Fútbol, como contribución solidaria ao desenvolvemento do fútbol afeccionado e das infraestruturas federativas, así como á mellora da competitividade das categorías non profesionais. Esa cantidade poderá incrementarse no marco do convenio a que se refire o artigo 28 do Real decreto 1835/1991, do 20 de decembro, sobre federacións deportivas españolas e rexistro de asociacións deportivas. Deste 2 por 100, un 50 por 100 destinarase ás federacións de ámbito territorial, en función do número de licenzas, para as finalidades e conforme os criterios de repartición que o Goberno determine regulamentariamente. O 50 por 100 restante aplicarase ás actividades propias da Real Federación Española de Fútbol para o fomento e o desenvolvemento das seleccións españolas de fútbol en todas as especialidades, o fomento do fútbol afeccionado e a dotación das infraestruturas propias necesarias, nos termos que se establezan regulamentariamente.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 8, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. A Real Federación Española de Fútbol poderá comercializar directamente os dereitos audiovisuais da Copa de S.M. o Rei e da Supercopa de España de conformidade co artigo 4. Así mesmo, poderá comercializar directamente, nos termos previstos no artigo 2.2, as demais competicións de ámbito estatal que organice, tanto masculinas como femininas, en réxime de concorrencia e publicidade, e con suxeición ao previsto no artigo 4.5.

A Real Federación Española de Fútbol repartirá os ingresos que obteña da comercialización dos dereitos da Copa de S.M. o Rei conforme os seguintes criterios:

a) O 60 por 100 dos ingresos destinarase aos equipos da Liga Nacional de Fútbol Profesional e asignaranse de conformidade coas regras previstas no artigo 5. Para efectos da aplicación do criterio 1.º da letra b) do artigo 5.3, tomaranse en consideración unicamente as entidades que disputen a rolda de oitavos de final da competición durante as cinco últimas temporadas, coa seguinte ponderación: campión, 22 por 100; subcampión, 16 por 100; semifinalistas, 9 por 100, cuartos de final, 6 por 100, oitavos de final, 2,5 por 100.

b) O 40 por 100 restante destinarase á promoción do fútbol afeccionado e aos equipos doutras categorías que participen na competición.

No seo da Real Federación Española de Fútbol constituirase un órgano de xestión da mesma composición que o establecido no artigo 7, con dúas especialidades:

- a) O presidente da Liga Nacional de Fútbol Profesional será substituído polo presidente da Real Federación Española de Fútbol.
- b) Será membro do órgano un club da segunda división B elixido polos clubs ou sociedades anónimas deportivas desa categoría.

Este órgano terá as funcións previstas nas letras a), d), e) e g) do artigo 7.1 referido á Copa de S.M. o Rei e á Supercopa de España.

A Real Federación Española de Fútbol repartirá os ingresos que obteña da comercialización de cada unha das outras competicións entre os clubs ou entidades participantes en cada unha delas segundo os criterios que aproben estes, por maioría e para todo o período obxecto de comercialización, no marco dos órganos específicos que a Real Federación Española de Fútbol creará para o efecto.

En todo caso, entre os criterios de repartición incluíranse os resultados deportivos, o impacto social de cada un dos clubs, o fomento da canteira e do fútbol base.

Dos ingresos que correspondan a cada un dos clubs, estes deberán destinar, por medio da Real Federación Española de Fútbol, un 2,5 por 100 deles a financiar un fondo de compensación do que poderán beneficiarse as entidades deportivas que descendan da categoría que foi obxecto de comercialización conxunta, e un 3 por 100 que se destinará como contribución solidaria ao conxunto do fútbol afeccionado e ás infraestruturas necesarias para o seu adecuado desenvolvemento.

A Real Federación Española de Fútbol repartirá este 3 por 100 da seguinte forma: un 1 por 100 ás federacións autonómicas, en función do número de licenzas expedidas; un 1 por 100 á promoción da categoría obxecto de comercialización nos mercados nacionais e internacionais, e un 1 por 100 ao conxunto das seleccións españolas de categorías non absolutas e ás infraestruturas propias da Federación.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149. 2, que establece que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial, e, ademais, polos títulos competenciais recollidos nos artigos 149.1.13.^a, 18.^a e 28.^a da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, lexislación básica sobre contratos e defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que adopte as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. As modificacións introducidas polo artigo 3 no Real decreto lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, serán de aplicación aos contratos de comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais a que

se refire o seu artigo 1 que se subscriban a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei.

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN